

As ondas radiofónicas do Moucho e do Gillade

Laudelino Pellitero

Autor para correspondencia: lpellitero@gmail.com

Como citar este artigo: Laudelino Pellitero (2023): As ondas radiofónicas do Moucho e do Gillade. *Revista Estudos Miñoráns* 23: 115-116

O nacemento do IEM acontece xusto no cambio de século. Daquela, En Nigrán existía, dende un lustro antes, unha emisora municipal. As súas ondas regaban todo o Val de Miñor e, por tanto, consideramos que a súa existencia era una fantástica oportunidade para de cumprir co principal obxectivo do IEM: a difusión da cultura galega. Entusiasmo, enerxía, iniciativas, propostas... estaban intactos na época, e desde a concellalía de cultura de Nigrán abriron as portas a nosa colaboración, que se materializou ao traves dun programa nocturno que se deu en chamar “As Lerias

do Moucho”. Título acaído para unha proposta radiofónica de conversas e información cultural. Os mouchos teñen representado no devir da historia de moitas civilización a tradición oral, a intelixencia e a cultura.

O Concello de Nigrán cedía as instalación, puña a nosa disposición aos técnicos que axiña se implicaron no proxecto. Tres éramos os habituais presentadores. Carlos Méixome adoitaba facer as análises literárias, o perfil humano e social dos convidados, os contextos históricos... Juan González



dáballe un verniz humano, cordial, ameno que calquera entrevista debe ter. A mín correspondíame mergullarme nas biografías, nas publicacións nos medios, nos contornos persoais, para procurar que o programa tivese orixinalidade, profundidade e mesmo, sorprendese, aos nosos convidados.

Foi unha experiencia fantástica. Gozábamos coa presenza, sabiduría, traxectoria... dos nosos convidados. Carlos Casares, Del Riego, Marta Dacosta, Cristina Fernández, Xose Lois Vilar, Alfonso A. Cáculo... foron algúns dos convidados que padeceron os nosos interrogatorios. Mais a verdade, teño a impresión que todos eles se sentiron moi cómodos e tamén implicados coas “Lerías do Moucho” e, por tanto, do IEM.

A fin da Radio Municipal de Nigrán no 2000 significou a fin das “Lerías do Moucho” unha tranquila, apacible e relaxada sintonía nocturna que xa tiña os seus adeptos.

Mais a vocación radiofónica do IEM, resucitou ao pouco en Baiona, baixo o título de “A Gavela do Guillade”, na emisora local de “Onda 0”. O inesquecible correspondente de Atlántico Diario, Pepe Costas, foi o noso valedor na emisora e fiel acompañante nas radiodifusións. Tamén tivemos una nova incorporación do IEM: María Xosé González Chamorro, a cotío debullaba a orixe dos topónimos do Val de Miñor, sendo o nexo de conexión entre as diferentes intervencións.

A emisión desde Baiona, permitiu incorporar a axenda dos programas, momentos e vivencias máis intimistas cos convidados cando remataban as grabacións. Alí, nun bar da Rúa Ventura Misa, as tertulias deixaron inesquecibles pousos de agradable sabor intenso.

